

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 27.06.2025 Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de xuño de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

1. 11576 (12/PNC-001101)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun informe sobre orzamentos, programas formativos e obxectivos dos centros de formación agraria dependentes da Consellería do Medio Rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91f2, do 25.09.2024
2. 22855 (12/PNC-002151)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 3 máis
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para que poidan continuar os procedementos de concentración parcelaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 185f1, do 09.04.2025
3. 24248 (12/PNC-002227)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre a demanda ao Goberno galego da substitución do actual modelo de defensa contra os incendios forestais, baseado na constitución de brigadas municipais, por un servizo único de xestión autonómica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 192f1, do 30.04.2025
4. 25980 (12/PNC-002402)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 3 máis
Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar para evitar a regresión dos piñeirais e manter a viabilidade dos serradoiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203f1, do 28.05.2025
5. 26271 (12/PNC-002447)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que impulse medidas de consolidación da nosa comunidade como potencia produtora e comercializadora de organismos para a loita biolóxica
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 203f1, do 28.05.2025



6. 26275 (12/PNC-002448)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 13 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que este desenvolva un marco fiscal máis equitativo e xusto para a actividade silvícola
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 203f1, do 28.05.2025

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2025

María
Encarnación
Amigo Díaz

María Encarnación Amigo Díaz
Firmado digitalmente por María Encarnación Amigo Díaz
Presidente da Comisión
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=María Encarnación Amigo Díaz, ®
email=maria.amigo.diaz@parlamentod
egalicia.es
Fecha: 2025.06.19 13:13:31 +02'00'



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/06/2025 13:13:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/06/2025 13:41:33
Nº Rexistro: 7703
Data envío: 19/06/2025 13:41:33.863

CSV: REXPG-6pF1cjTm-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 13:41:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/06/2025 13:41:33
Nº Rexistro: 7703
Data envío: 19/06/2025 13:41:33.863

CSV: REXPG-6pF1cjTm-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
María Encarnación Amigo Díaz	P
Vicepresidente	
José Manuel Mato Díaz	P
Secretaria	
Montserrat Valcárcel Armesto	BNG

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Enrique Barreiro Sánchez	P
Cristina Campero Dorado	P
Juan Manuel Casares Gándara	P
Secundino Fernández Fernández	BNG
Ariadna Fernández González	BNG
Nicole Grueira Fernández	P
Lara Méndez López	S
Armando Ojea Bouzo	M
Ángel Rodríguez Conde	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Cecilia Vázquez Suárez	P
Sonia Vidal Lamas	BNG
Miguel Ángel Viso Diéguez	P

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.06.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.06.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 11576(12/PNC-001101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun informe sobre orzamentos, programas formativos e obxectivos dos centros de formación agraria dependentes da Consellería do Medio Rural

Publicación da iniciativa, 91f2, 25.09.2024



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:32:02
Nº Rexistro: 11576
Data envío: 19/09/2024 17:32:02,569

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Medio Rural conta con seis centros de formación agraria asentados en distintas provincias co fin de adaptarse ás características da zona. Converténdose en centros de referencia e aproveitar os recursos do lugar así como para que reverta o coñecemento no territorio de referencia. Estes centros de formación e experimentación agraria son os de Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte e Lourizán.

Dende o ano 2018 as funcións e competencias en materia de formación, innovación e investigación deste centros formativos, son asumidos pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Dende estes centros se ofertan cursos de formación regradas e non regradas, coñecidas tamén como formación continua. Dirixida a agricultores e gandeiros cunha compoñente práctica moi importante, así tamén cursos básicos ou de especialización dedicados ao sector agrogandeiro coa finalidade de adaptarse ás necesidades de cada momento.

CSM-REXISTRO-kmcBdtUJY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 17:32:02
Nº Rexistro: 11576
Data envío: 19/09/2024 17:32:02.569

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que elabore un informe que inclúa orzamento e programa formativo deste ano 2024 e a previsión para o 2025. Así como obxectivos de futuro e tipos de uso que se pretenden dar para potenciar ditos centros.

Santiago de Compostela, 19 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 19/09/2024 17:27:24

Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/09/2024 17:27:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/09/2024 17:27:41



CSV REXISTRO-kmcBkdmJY-4

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 27.06.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 22855(12/PNC-002151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para que poidan continuar os procedementos de concentración parcelaria

Publicación da iniciativa, 185f1, 09.04.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 13:05:16
Nº Rexistro: 22855
Data envío: 03/04/2025 13:05:16.199

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre as paralización das concentracións parcelarias en Ourense por non emitir informes medioambientais a Consellería de Medio Ambiente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As concentracións parcelarias comezaron na Galiza a partires do 1954, cando o noso país entrara nos planos do Estado que pretendían levar adiante proxectos coa finalidade de constituír unidades agrícolas viables nas zonas e comarcas de minifundismo, onde a dispersión e pequenas superficies das parcelas facían inviable unha explotación rendible.

Unha das premisas tratadas na lexislación de concentración parcelaria a definía como: “ordenar unha superficie agraria que permita un uso adaptado as necesidades agrícolas e forestais de cada zona”, e “Conseguir unha maior rendibilidade das producións agrarias e unha mellor ordenación da terra en función dos seus usos”.

Co traspaso de competencias á Xunta de Galiza en materia de agricultura, gandería e montes no ano de 1984 nace a primeira Lei de Concentración Parcelaria 10/1985, sendo actualizada coa Lei 12/2001 de 10 de Agosto de Modificación da Lei de Concentración Parcelaria de Galiza; e por último a actual Lei 4/2015 do 17 de xuño de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza (DOG Núm. 131 do 14 de xullo de 2015).

CSM-REXVG-y0wSKN0v-7
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 13:05:16
Nº Rexistro: 22855
Data envío: 03/04/2025 13:05:16.199

A citada Lei 4/2015 inclúe como parte das bases de reestruturación parcelaria a resolución favorable do órgano ambiental con respecto a avaliación da zona de reestruturación parcelaria.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental establece, no artigo 7,2 que os proxectos incluídos no seu Anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental na forma prevista en dita Lei. Os proxectos de concentración parcelaria cando afecten a unha superficie maior de 100 ha están incluídos no Anexo II, polo que de acordo con esta lexislación, procede que se sometan a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático dependente da consellería do medio ambiente é a competente para resolver esta avaliación ambiental ordinaria. Para emitir dita avaliación ambiental é preciso que a dirección xeral de patrimonio natural da mesma consellería de medio ambiente emita un informe para incluír neste procedemento de avaliación.

Esta declaración de impacto ambiental formulada pola consellería competente en medio ambiente e polo tanto un requisito imprescindible para a continuación do proceso de concentración parcelaria.

Até aí todo normal, segundo a lexislación vixente. O grave e inaudito é que a citada Dirección Xeral de Patrimonio Natural non emite o informe pertinente polo que tampouco non se pode elaborar avaliación de impacto ambiental ordinaria e polo tanto as concentracións están paradas.

Semella enrevesado pero a actuación negligente da Consellería de Medio Ambiente ten paralizadas concentracións que están en marcha na provincia de Ourense.

Malia as reiteradas peticións, esta Dirección Xeral non emite os informes pertinentes o que implica que determinada concentracións de Ourense leven anos a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 13:05:16
Nº Rexistro: 22855
Data envío: 03/04/2025 13:05:16.199

espera dos informes para seguir o proceso de concentración parcelaria longamente esperado polas veciñas e veciños destas parroquias afectadas.

Para o BNG esta situación, de abuso e de desleixo da Xunta do PP e que denuncian as propietarias e propietarios dos predios afectados é realmente grave. A propia Xunta de Galiza boicoteando as concentracións parcelarias que leva a propia administración.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emita os informes pertinentes ao fin de que podan seguir sen demoras os procedementos de concentración parcelaria paralizados por esta causa
2. Eliminar as demoras nos informes preceptivos que teñen que ser emitidos pola administración galega de forma que as propietarios e propietarios non sufran esta parálise nas concentracións parcelarias.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 13:05:16
Nº Rexistro: 22855
Data envío: 03/04/2025 13:05:16.199

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:


Secundino Fernández Fernández na data 03/04/2025 12:57:10

Sonia Vidal Lamas na data 03/04/2025 13:02:55

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/04/2025 13:02:56

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2025 13:03:39

Luis Bará Torres na data 03/04/2025 13:03:40



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.06.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 24248(12/PNC-002227)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda ao Goberno galego da substitución do actual modelo de defensa contra os incendios forestais, baseado na constitución de brigadas municipais, por un servizo único de xestión autonómica

Publicación da iniciativa, 192f1, 30.04.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:57:19
Nº Rexistro: 24248
Data envío: 16/04/2025 12:57:19.860

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

A Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para desenvolvemento de labores preventivos, de vixilancia e defensa contra incendios forestais. Os labores preventivos son financiados por fondos europeos mentres os labores de vixilancia e defensa contra incendios son financiados pola Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou de forma reiterada que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin á virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Estes convenios adoecen de deficiencias e ano tras ano son menos os concellos que as constitúen pola dificultade de atopar persoal para formalas e polas características do propio convenio ofertado polo Goberno galego.

CSM-REVPG-4NGqT39H-8
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:57:19
Nº Rexistro: 24248
Data envío: 16/04/2025 12:57:19.860

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a mudar o modelo de ofertar convenios aos concellos de brigadas de incendios cara a un servizo único, estable e profesional dependente do Goberno galego e mentres isto non se leve a cabo, oferte, en todo caso, o convenio ás entidades locais só para labores preventivos, cunha duración mínima de 6 meses e cunha data de inicio que permita telos labores preventivos realizados con anterioridade a época de alto risco de incendios.

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 12:54:49

Lara Méndez López na data 16/04/2025 12:55:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2025 12:55:12



CSV: REXPG-8NGqT39H-8
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.06.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 25980(12/PNC-002402)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 3 máis

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar para evitar a regresión dos piñeirais e manter a viabilidade dos serradoiros

Publicación da iniciativa, 203f1, 28.05.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 09:54:24
Nº Rexistro: 25980
Data envío: 21/05/2025 09:54:24.310

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto** e dos deputados **Luis Bará Torres**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a viabilidade do sector do serrado en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O monte galego enfróntase a unha importante regresión dos piñeirais, xa que nos últimos 15 anos perdéronse 140.000 hectáreas (9.300 hectáreas/ano), segundo se desprende dos datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia.

E, a escaseza da madeira de piñeiro en Galiza, leva ao punto no que a viabilidade dos serradoiros galegos está comprometida. Posto que para os serradoiros galegos, os pinos son a súa materia prima por excelencia, xa que representan o 95% da madeira que procesan, mentres eucaliptos e frondosas caducifolias son anecdóticas, limitados a destinos puntuais para os que se adaptan.

O sector dos serradoiros en Galiza está integrado por 120 empresas que sostén 7.400 empregos directos. Nos últimos días vemos como un grupo de 66 serradoiros que representan o 90% da transformación de piñeiro en Galiza uníronse para advertir que, "nun prazo non superior a 10-15 anos", haberá déficit desta especie, e temen polo seu futuro.

O sector sinala dúas grandes ameazas para a "subministración estable" de madeira de piñeiro. Unha delas son as pragas que se ceban coas masas desta especie,

CSV: REVPG-H0SLZJ9A-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 09:54:24
Nº Rexistro: 25980
Data envío: 21/05/2025 09:54:24.310

atacadas pola banda marrón ao norte de Galicia e polo nematodo ao sur. O sector pide "medidas fitosanitarias efectivas".

O outro factor sobre o que poñen o foco é o avance do eucalipto, ao constatar que fixo "minguar" as existencias de piñeiro e solicitan prorrogar a moratoria para novas plantacións, tendo en conta que a actual finaliza a finais deste ano. Defenden que "debería manterse vixente" como medida para "potenciar e protexer" as plantacións de piñeiro.

Os serradoiros teñen un papel ben importante no rural galego. As 120 empresas que o integran transforman 3,5 millóns de metros cúbicos de madeira dos montes, dos cales o 95% son piñeiros que se destinan a produtos necesarios para as industrias do taboleiro, a carpintería, o mobiliario, a construción e o consumidor final.

Tamén prové a outros sectores produtivos, coas caixas de madeira para a pesca, as bateas para o sector do mexillón ou a embalaxe para pezas industriais.

O sector produce o 40% da madeira serrada de toda España, pola que os propietarios forestais perciben máis de 100 millóns de euros. É unha cadea que ten o seu primeiro elo no bosque e necesita que todas as engrenaxes funcionen.

A industria dos serradoiros naceu en Galiza fai mais de 180 anos e foise desenvolvendo grazas ao compromiso co rural das sucesivas xeracións de empresas familiares que ampliaron as instalacións industriais alí onde naceron e, nalgúns casos, os serradoiros van pola cuarta ou quinta xeración.

O 52% dos serradoiros están situados en concellos da provincia da Coruña, o 20%, en Lugo, o 15% en Ourense e o 13% restante na provincia de Pontevedra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 09:54:24
Nº Rexistro: 25980
Data envío: 21/05/2025 09:54:24.310

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

- 1) Prorrogar a moratoria das novas plantacións de eucalipto.
- 2) Actuar coa máxima celeridade e cos medios necesarios para combater as graves consecuencias da banda marrón e vermella, e a praga do nemátodo.
- 3) Deseñar políticas de mitigación da perda de piñeiros afectados polas pragas e enfermidades, e que proporcionen alternativas ao Piñeiro radiata.”

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025


Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/05/2025 09:51:23

Luis Bará Torres na data 21/05/2025 09:52:50

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/05/2025 09:53:23

Secundino Fernández Fernández na data 21/05/2025 09:53:43



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.06.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 26271(12/PNC-002447)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que impulse medidas de consolidación da nosa comunidade como potencia produtora e comercializadora de organismos para a loita biolóxica

Publicación iniciativa carácter urxencia, 203f1, 28.05.2025

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e dos deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Juan Manuel Casares Gándara, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, polo trámite de urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de consolidar a capacidade da nosa comunidade como potencia produtora e comercializadora de organismos para a loita biolóxica

Exposición de Motivos:

A introdución, produción, avaliación, comercialización e uso de axentes invertebrados de control biolóxico no territorio europeo contribúe de forma decisiva ao cumprimento dos obxectivos fixados polo Pacto Verde Europeo e, en particular, pola Estratexia “da granxa á mesa”. Neste respecto, Galicia está á vangarda no tratamento de pragas e enfermidades como é, de facto, o Psílido Africano dos cítricos, coñecido polo seu nome científico como *Trioza erytreae*.

Neste marco, cómpre sinalar que este organismo trátase dunha praga regulada na Unión Europea (UE) pola Directiva 2000/29 e vector da bacteria que causa o Huanglongbing (HLB, en diante) ou “enverdecemento” (“greening”) dos cítricos. Este HLB deteriora a calidade e o sabor do froito podendo, en poucos anos, matar a árbore afectada, polo que resulta fundamental impedir a aparición do insecto vector, e no caso de que apareza, determinar a súa distribución, actuar con rapidez e eficacia, e combatalo co fin último de evitar a súa propagación e erradicalo.

Certamente, Galicia non posúe un peso realmente importante no tocante á citricultura e/ou produción de cítricos –feito antecedente dunha mínima afectación da devandita praga e rápido control da mesma desde a súa aparición na comunidade galega no ano 2015–; non obstante, si que contamos cunha relevancia ao respecto da súa erradicación por medio da cría e exportación do parasitoide *Tamarixia dryi*. Isto coincide claramente coa importancia da comercialización destes axentes de corentena ao longo da UE, posto que permiten facer fronte ás poboacións de Trioza.



A estes efectos, a nosa comunidade configúrase como orixe transcendental de organismos como a *Tamarixia dryi*, que permiten combater noutras comunidades autónomas do noso país, e incluso fóra das nosas fronteiras, a afectación do chamado Psílido dos cítricos. Neste marco, aínda que o mercado actual de axentes invertebrados de control biolóxico caracterízase por ser reducido, posúe un forte crecemento; en particular, pola permisión derivada do seu uso da diminución e/ou substitución dos praguicidas químicos.

En consideración do disposto, é evidente que Galicia ten a responsabilidade de manterse na vangarda do tratamento de pragas e enfermidades a través da cría e exportación destes organismos e, de feito, desde o Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia cremos firmemente na capacidade da nosa comunidade como potencia produtora e comercializadora de organismos para a loita biolóxica.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados promotores, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a nosa comunidade como referente na loita biolóxica contra o Psílido Africano dos cítricos en particular e, por extensión, como rexión produtora e comercializadora de axentes invertebrados de control biolóxico en xeral.”

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 23/05/2025 12:49:41

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 23/05/2025 12:50:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/05/2025 12:56:40

José Mato Díaz na data 23/05/2025 12:58:43

Juan Manuel Casares Gándara na data 23/05/2025 13:06:04

Enrique Barreiro Sánchez na data 23/05/2025 13:06:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal




Cristina Campero Dorado na data 23/05/2025 13:10:05

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 13:17:05

Ángel Rodríguez Conde na data 23/05/2025 13:17:30

Cecilia Vázquez Suárez na data 23/05/2025 13:17:54



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](#)



[@GrupoPopularGal](#)

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.06.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 26275(12/PNC-002448)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 13 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao
Goberno central co obxecto de que este desenvolva un marco
fiscal máis equitativo e xusto para a actividade silvícola

Publicación iniciativa carácter urxencia, 203f1, 28.05.2025

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e dos deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Juan Manuel Casares Gándara, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez, María Magdalena Perez Millares, Cristina Sanz Arias, Manuel Santos Costa, Felisa Rodríguez Carrera e Jesús María Fernández Rosende**, ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, polo trámite de urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de promover un marco fiscal máis equitativo e xusto para a actividade silvícola, medidas que terían un impacto moi positivo en Galicia

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, mantivo reunións con entidades do sector forestal galego, como a Asociación Forestal de Galicia, a Unión Empresarial de la Madera y del Mueble de España (Unemadera) e a Asociación Sectorial Forestal Gallega (Asefoga) concretamente, das que se fixeron eco os medios de comunicación.

Nesta reunións a Consellería do Medio Rural concordaba co sector na necesidade de trasladar ao Goberno de España unha mellora da fiscalidade para este ámbito produtivo que ten un peso moi importante na nosa Comunidade.

A Xunta de Galicia leva tempo facendo un traballo conxunto co sector forestal galego, como se ve reflectido na elaboración e publicación das “Propostas para potenciar a sustentabilidade económica das explotacións forestais en Galicia” (*), para acadar iniciativas valentes e de gran alcance que produzan unha mellora da xestión forestal en Galicia dende un punto de vista medioambiental, tratando á súa vez de garantir unha sustentabilidade económica da actividade.

Froito desta colaboración co sector forestal galego, creouse unha dinámica de colaboración a nivel estatal que permitiu que, diferentes entidades ecoloxistas, encabezadas por Greenpeace e WWF, conxuntamente con Juntos por los Bosques, iniciativa que integra aos diferentes actores vinculados coa actividade forestal en



España (produtores, técnicos, intermediarios e industria), elaborasen unha proposta de reforma denominada “Plan para a mellora da fiscalidade aplicable á actividade silvícola”, que ten como obxectivo o desenvolvemento dun plan sectorial de contabilidade e conseguir un marco fiscal máis equitativo e xusto para a actividade silvícola, medidas que terían un impacto moi positivo na nosa comunidade.

Esta proposta pretende presentarse ante as comisións de Facenda e de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, do Congreso dos deputados, tras ser presentada tamén noutras autonomías. Perséguese poder ter unha fiscalidade que poña en valor as inversións e o aproveitamento do monte galego, que permita apostar pola produtividade territorial, mellorar a loita contra os incendios forestais e o relevo xeracional entre outros.

Trátase de que o Goberno de España actúe en impostos que son, total ou parcialmente, de Competencia do Estado Español, como son o IRPF e o imposto sobre Sociedades. E, trala análise da proposta, púidose comprobar que moitas das medidas están recollidas no Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara a neutralidade carbónica”, na medida VI.4. Medidas de fiscalidade forestal que responden a unha demanda do sector forestal galego.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados promotores, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a adoptar as seguintes medidas:

- 1º.- Maior flexibilidade fiscal no IRPF e no imposto de Sociedades que permita unha mellora da xestión forestal en España.
- 2º.- O desenvolvemento dun plan sectorial contable para o sector forestal que permita acadar o resultado contable da actividade forestal ao real, de xeito que se tribute de forma máis xusta e de acordo coa capacidade de renda xerada, tal como establece a Constitución Española.”

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

(*) <https://mediorural.xunta.gal/sites/default/files/publicacions/2021-11/Sostenibilidad-explotaciones-forestales.pdf>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 23/05/2025 13:41:18

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 23/05/2025 13:45:04

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/05/2025 13:45:34

José Mato Díaz na data 23/05/2025 13:45:49

Juan Manuel Casares Gándara na data 23/05/2025 13:46:13

Enrique Barreiro Sánchez na data 23/05/2025 13:46:32

Cristina Campero Dorado na data 23/05/2025 13:47:10

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 13:47:31

Ángel Rodríguez Conde na data 23/05/2025 13:47:48

Cecilia Vázquez Suárez na data 23/05/2025 13:48:20

María Magdalena Perez Millares na data 23/05/2025 13:48:38

Cristina Sanz Arias na data 23/05/2025 13:48:52

Manuel Santos Costa na data 23/05/2025 13:49:11

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/05/2025 13:49:29

Jesús María Fernández Rosende na data 23/05/2025 13:49:49

